

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2011**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal, en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 21 de decembro de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar a licenza para parcelamento de parte de parcela sita na rúa Doutor García Portela esquina rúa Garañón.

Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de edificacións sitas na rúa Ramón Montenegro, 7 e 9, e rúa Río Chamoso, números 1 e 3; para demolición de edificación e peche da parcela sita na rúa Lamas de Prado, números 100 e 102; para instalación de ascensor para mellora de accesibilidade no local de entresollado sito no edificio con licenza número 867/03, sito en solo urbano na rúa García Abad números 6-8-10; para construción dun almacén de produtos agrícolas, a situar na finca con referencia catastral, parcela 221, polígono 158, sita en Currelos - San Pedro de Calde; para rehabilitación das plantas altas e portal na planta baixa, do edificio composto de planta baixa para uso de local, dúas plantas altas e planta ático para tres oficinas e planta baixo cuberta para rochos e instalacións, en solo urbano, na rúa San Pedro, número 14; para legalización de entresollado para local de comunidade de veciños, no edificio con licenza número 275/88 sito na ronda das Fontiñas, nº 105; para cambio de uso de comercial a garaxe en grao 1º na planta baixa (dereita), do edificio con licenza número 270/81, sito en solo urbano, na rúa Monte Pico Sacro, números 19-21; e para modificación de planta baixa (antes comercial) para acceso a garaxe en planta semisoto, incluído montacoches e instalación de ascensor en edificio de vivenda unifamiliar en execución, con licenzas

anteriores números 510/07 e 81/10, sito en solo urbano na ronda da Muralla, número 1.

Así mesmo, acórdase excepción do cumprimento do Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente sito na rúa Gravador Prieto Nespereira, números 11-13.

Tamén se acorda a execución da sentenza 240/2011 pronunciada no recurso contencioso administrativo número 222/2010.

Tamén se aproba a encomenda de xestión do Concello de Lugo á “Sociedade Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo - EVISLUSA-“ para a dirección de obra e a dirección de execución material das obras, de demolición e reposición da cuberta na rúa Montero Ríos, nº 16, en execución da sentenza 453/1993 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase aprobar as bases e convocatoria de proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto básico do empregado público, de prazas de enxeñeiro/a de camiños, canais e portos.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á prestación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de iluminación pública dentro do termo municipal de Lugo por prazo de dous anos contados dende o 12 de xullo de 2011 con efectos retroactivos.

Acórdase aprobar a revisión de prezos do contrato administrativo relativo á execución do programa de intervención e pedagóxico “Aprende xogando” para o período que abrangue dende o 22 de outubro de 2011 e o 21 de outubro de 2012.

Tamén se acorda deixar sen efecto o expediente de contratación dun servizo para o mantemento dos sistemas de procesamento en clúster e granxa de servidores do Concello de Lugo.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra a resolución pola que se procede á adxudicación da contratación do servizo consistente na

realización dos estudos previos, redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección de obra, coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de construción dun edificio destinado a novas tecnoloxías (Proxecto 10UR1101 URBAN edificio novas tecnoloxías).

**4. FACENDA LOCAL.-** Acordase a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó denegarse a licenza solicitada para instalar un ascensor no edificio situado na rúa Lamas de Prado, 172.

Así mesmo, acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza de obras solicitada para cambio de uso de planta baixa para 6 vivendas e construción de entresollado na avda. da Coruña, 401 esquina rúa Margarida, 42.

Tamén se acorda a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó denegarse a licenza solicitada para a legalización de obras en edificio sito na rúa Miguel de Cervantes, 5, esquina rúa Castelao, 90.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase:**

- Acórdase a aceptación da doazón realizada por don Juan Gómez Jurado consistente en 970 exemplares (libros e outras publicacións) segundo a valoración establecida polo interesado de 21.665 euros e a súa posterior catalogación para ulterior uso polos usuarios/as das dependencias municipais, Casa da Xuventude.

Lugo, 28 de decembro de 2011  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García